

GRAO ELEMENTAL DAS ENSIANZAS DE MÚSICA PROBAS DE ACCESO AO 1º CURSO

Os requisitos para acceder ao 1º curso de grao elemental son:

- **Ter entre 8 e 14 anos de idade**, cumpridos ou por cumprir no ano natural de realización da proba.
- **Inscribirse no centro para facer a proba de acceso.** O impreso para inscribirse pode descargarse nesta web e tamén se pode recoller no centro. Unha vez cuberto deberá ser entregado no centro, xunto con unha fotocopia do D.N.I. do alumno/a ou doutro documento acreditativo da súa identidade.
- **Superar a proba de acceso.**

Información sobre a proba de acceso:

- A proba de acceso avaliará, en relación coa idade de cada solicitante, as súas aptitudes (non coñecementos) para iniciar os estudos musicais e contemplará, cando menos, os seguintes aspectos:
 - a) Exercicios para avaliar a aptitude rítmica.**
Repetir unha serie de 5 exercicios rítmicos sinxelos, propostos polo tribunal, realizados coas palmas, coa man na mesa ou pupitre ou cun pequeno instrumento de percusión.
 - b) Exercicios para avaliar a aptitude auditiva e vocal.**
Repetir 5 secuencias melódicas sinxelas, propostas polo tribunal.
 - c) Exercicios para avaliar a aptitude de psicomotricidade.**
Imitación rítmica con coordinación corporal, dunha serie de 5 exercicios sinxelos, propostos polo tribunal.
- **Ningún dos exercicios terá carácter eliminatorio.**
- A proba de acceso **cualificarase de 1 a 10 puntos** ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante unha **puntuación mínima de 5 puntos** para superar a proba.

- Os aspirantes a ingresar no 1º curso de grao elemental, **disporán dun máximo de dúas convocatorias** para o acceso ao mesmo, non computándose, para estes efectos, as probas nas que obtivo a puntuación mínima (5 puntos) para acceder a este curso.
- O aspirante presentará no momento do exame o **DNI** ou outro documento acreditativo da súa identidade.

Prazos para inscribirse e facer a proba de acceso ao 1º curso de grao elemental:

- Datras de inscrición: Do **26 de maio ata o 15 de xuño** de 2017.
- Data de celebración da proba: **Segunda quincena de xuño**, sendo esta a única convocatoria anual. O día e a hora de celebración da proba, será anunciada coa debida antelación no centro e na web.

Normas para a adxudicación de prazas e matrícula:

- A adxudicación das prazas será por orde de puntuación e instrumento, entre os aspirantes que obtiveron **un mínimo de cinco puntos** na proba. En caso de empate, e se fose necesario, a prioridade rexeráse pola letra do primeiro apelido, de acordo có sorteo público realizado ao efecto.
- Os aspirantes que, superando a proba, non obtiveron praza na especialidade elixida, poderán escoller unha das seguintes opcións:
 - a) Permanecer en **lista de espera** na especialidade á que optaron na proba de acceso.
 - b) **Elixir outra especialidade nova**, de acordo coas súas preferencias, entre as vacantes que queden por cubrir. Os aspirantes que elixan a nova especialidade perderán toda posibilidade de escoller a especialidade solicitada no momento da inscrición na proba.

A preferencia na adxudicación destas prazas (lista de espera ou elección doutra nova), farase tendo en conta as prioridades descritas no apartado anterior.
- A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro onde se realizou a proba, segundo a puntuación final acadada, e no ano que se realiza a mesma, onde deberán matricularse dentro do prazo establecido. Os alumnos que, unha vez matriculados, se trasladen de centro por matrícula viva, non terán que volver a realizar a proba.

Os alumnos/as ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de 5 días, contra as cualificacións das probas de acceso.

GRAO ELEMENTAL

PROBAS DE ACCESO A 2º, 3º e 4º CURSO

Pódese acceder a calquera curso do grao elemental sen ter superados os anteriores, pero superando unha proba de acceso ao curso correspondente.

Os requisitos para acceder ao 2º, 3º e 4º curso de grao elemental son:

- **Ter entre 8 e 14 anos de idade**, cumpridos ou por cumprir no ano natural de realización da proba de acceso.
- **Inscribirse no centro para facer a proba de acceso.** O impreso para inscribirse pode descargarse nesta web e tamén se pode recoller no centro. Os aspirantes deberán especificar na súa solicitude o curso e a especialidade a que desexen optar, **sempre que haxa vacantes dispoñibles no centro.** Unha vez cuberto deberá ser entregado no centro, xunto con unha fotocopia do **D.N.I. do alumno/a** ou doutro documento acreditativo da súa identidade.
- **Superar a proba de acceso.**

Información sobre as probas de acceso:

- O alumno/a interesado en realizar estas probas de acceso **poderá solicitar información no centro** sobre os contidos, listados orientativos de obras e criterios de cualificacións.
- O aspirante **presentará no momento do exame** o DNI ou outro documento acreditativo da súa identidade.
- Os alumnos/as poderán facer as probas de acceso para máis dunha especialidade, e **disporán dun máximo de dúas convocatorias por especialidade e curso**, non computándose as probas nas que obtivo a puntuación mínima para o acceso a ditos cursos de grao elemental.
- Estas probas avaliarán as aptitudes, capacidades e **coñecementos** do alumno/a para cursar os estudos nas distintas especialidades instrumentais para as que solicita a praza.
- En todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios que terán carácter eliminatorio e consistirán en:

- a) Interpretación, no instrumento da especialidade a que se opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal. **Este exercicio farase en primeiro lugar.**
- b) Exercicio teórico-práctico para avaliar a capacidade auditiva e vocal, e os coñecementos de linguaxe musical. (Os alumnos/as que opten por dúas especialidades dun mesmo curso **realizaran este exercicio unha única vez**)
- Cada un dos exercicios **puntuarase de 1 a 10 puntos**, necesitándose unha **puntuación mínima de 5 puntos en cada un deles para superar a proba.**
- Para unha **maior información** sobre o desenvolvemento dos exercicios e os seus contidos nas distintas especialidades, preguntar no centro.
- Unha vez superados os dous exercicios procederase ao cálculo da media ponderada, que axustará ás seguinte porcentaxes:
 - a) Interpretación instrumental: 60%.**
 - b) Exercicio auditivo, vocal e de linguaxe musical: 40%.**
- Para concorrer as probas de acceso, naquelas obras que así o requiran, os aspirante deberán aportar os seus músicos acompañantes, en caso de non ter posibilidade de aportalos, preguntar no centro para solucionalo.
- Os alumnos presentáranse as probas con partitura orixinais, non fotocopias. En caso de non acadar as partitura orixinais, preguntar no centro para solucionalo.

Prazos para inscribirse e facer as probas de acceso:

- Datas de inscrición: Do **26 de maio ata o 30 de xuño** de 2017.
- Data de celebración da proba: **Primeira quincena de setembro**, sendo esta a única convocatoria anual. O día e a hora de celebración da proba, será anunciada coa debida antelación no centro e na web.

Superación das probas e matrícula:

- A superación das probas de acceso só será válida para obter posto escolar no centro onde se realizou a proba, **segundo a puntuación final acadada, e no ano que se realiza a mesma**, onde deberán matricularse dentro do prazo establecido. Os alumnos que, unha vez matriculados, se trasladen de centro por matrícula viva, non terán que volver a realizar a proba.
- **Só se poderá obter praza e realizar a matrícula nun só curso e especialidade.** O consello escolar poderá autorizar, sempre que existan prazas vacantes, a matrícula en máis dunha especialidade en calquera curso do grao elemental que non sexa primeiro, previa superación da correspondente proba de acceso.
- Os aspirantes que, superando as probas, non resulten admitidos pasaran a relacionarse nunha lista de espera a efectos de poder obter praza no caso de producirse vacantes. Dita lista só terá validez para á convocatoria a que se presente o alumno/a, non tendo efectos para convocatorias posteriores.

Os alumnos/as ou os seus representantes legais poderán reclamar ante a dirección do centro, nun prazo de 5 días, contra as cualificacións das probas de acceso.